

UNIDADE

3

Os mitos. Heracles

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. LINGUA
 - 1.1. ADXECTIVOS DA PRIMEIRA E DA SEGUNDA DECLINACIÓN
 - 1.2. CLASIFICACIÓN DOS ADXECTIVOS
 - 1.3. VERBOS: TEMA DE FUTURO
 - 1.4. SINTAXE DO XENITIVO
2. OS MITOS
 - 2.1. IMPORTANCIA DOS MITOS GREGOS
 - 2.2. O MITO DE HERACLES
3. TEXTOS

Na presente unidade estudarás a importancia do mito. Como resumo e exemplo desta importancia ofrecémosche as fazañas de Heracles, heroe de grande influencia cultural en Occidente. A través dos "Textos" poderás seguir a personalidade deste heroe e as súas famosas fazañas contadas por Apolodoro, un autor do século II a.C. No apartado de "Lingua" repasarás os adxectivos da primeira e segunda declinación, o tema de futuro dos verbos gregos, ampliarás os teus coñecementos sobre a concordancia e estudarás a sintaxe e tradución do xenitivo grego.

1. Lingua

1.1. Adxectivos da primeira e da segunda declinación

A declinación dos adxectivos é a mesma que a dos nomes, pero poden organizarse en paradigmas con declinacións diversas para cada xénero. Ademais, poden aparecer en comparativo e superlativo. Nesta unidade veremos, en primeiro lugar, un cadro dos distintos tipos de adxectivos, para estudar logo os que se declinan como os substantivos que xa estudamos. Despois de que repasemos os nomes da terceira declinación, poderemos examinar os adxectivos en que interveñen temas da terceira declinación.

1.2 Clasificación dos adxectivos

Uns adxectivos teñen tres terminacións, é dicir, utilizan un tema para o masculino, outro para o feminino e outro para o neutro. O tema que se usa para o feminino é sempre da primeira declinación, os temas en -α. Os que se usan para o masculino e o neutro poden ser os da segunda declinación ou poden ser temas da terceira.

Outros adxectivos, en cambio, só son de dúas terminacións porque non teñen unha forma de feminino específica, senón que usan a mesma para o masculino e o feminino. De modo que nestes adxectivos non se usan os temas en -α. Tamén dentro deste grupo hai uns que se declinan pola segunda declinación e outros que se declinan pola terceira.

Vexamos resumida nun cadro a clasificación dos adxectivos, cun exemplo de cada un:

TERMINACIÓNS	DECLINACIÓNS	EXEMPLOS
De tres terminacións	Pola 2ª e 1ª	μικρός, μικρά, μικρόν <i>pequeno</i>
		καλός, καλή, καλόν <i>fermoso</i>
		ἀργυροῦς, ἀργυρά, ἀργυροῦν <i>prateado</i>
		πλέως, πλέα, πλέων <i>cheo</i>
	Pola 3ª e 1ª	ἡδύς, ἡδία, ἡδύ <i>agradable</i>
		χαρίεις, χαριέσσα, χαρίεν <i>gracioso</i>
		μέλας, μέλαινα, μέλαν <i>negro</i>
		πολύς, πολλή, πολύ <i>moito</i>
		μέγας, μεγάλη, μέγα <i>grande</i>
De dúas terminacións	Pola 2ª	ἔνδοξος, ἔνδοξον <i>famoso</i>
		εὖνους, εὖνουν <i>benévolo</i>
		ἱλεως, ἱλεων <i>favorable</i>
	Pola 3ª	σώφρων, σῶφρον <i>prudente</i>
		ἀληθής, ἀληθές <i>verdadeiro</i>

1.3. Verbos: tema de futuro

I. Futuro activo, medio e pasivo de λύω

O futuro expresa unha acción vindeira respecto do momento en que se fala. O tema de futuro ten, ademais de indicativo, un optativo, un infinitivo e un participio. Non hai, en cambio, imperativo nin subxuntivo de futuro.

Formas activas:

Son iguais ás do presente activo, co engadido dun -σ- entre a raíz e a vogal temática.

	INDICATIVO	OPTATIVO	INFINITIVO	PARTICIOPIO
PRESENTE	λύ-ω <i>desato</i>	λύ-οιμι <i>desatase</i>	λύ-ειν <i>desatar</i>	λύ-ων <i>desatando, que desata/desataba</i>
FUTURO	λύ-σ-ω <i>desatarei</i>	λύ-σ-οιμι <i>desatase</i>	λύ-σ-ειν <i>desatar</i>	λύ-σ-ων <i>que desatará</i>

Formas medias:

Son iguais ás do presente medio, co engadido dunha -σ- entre a raíz e a vogal temática.

	INDICATIVO	OPTATIVO	INFINITIVO	PARTICIOPIO
PRESENTE	λύ-ομαι <i>desátome</i>	λυ-οίμην <i>desatárame</i>	λύ-εσθαι <i>desatarse</i>	λυ-όμενος <i>desatándose, que se desata/se desataba</i>
FUTURO	λύ-σ-ομαι <i>desatareime</i>	λυ-σ-οίμην <i>desatárame</i>	λύ-σ-εσθαι <i>desatarse</i>	λυ-σ-όμενος <i>o que se desatará</i>

Formas pasivas:

O futuro pasivo fórmase coa marca de pasiva -θη- (tamén -σθη- e -η- para uns poucos verbos).

Estas mesmas marcas veranse na Unidade 4 ao estudar o aoristo pasivo. As marcas de pasiva interpóñense entre a raíz e as desinencias de futuro da voz media, como se pode observar no seguinte cadro.

	INDICATIVO	OPTATIVO	INFINITIVO	PARTICIOPIO
FUTURO PASIVO	λύ-θή-σομαι <i>serei desatado</i>	λυ-θη-σοίμην <i>fose desatado</i>	λυ-θή-σεσθαι <i>ser desatado</i>	λυ-θη-σόμενος <i>O que será desatado</i>

II. Futuro activo, medio e pasivo de verbos contractos en -άω, -έω e -όω

Os verbos en -άω, -έω e -όω non teñen contraccións fóra do tema de presente (ver paradigma completo do presente dos contractos no Apéndice gramatical), pero alongan a vogal final do tema -α-, -ε- e -ο- en -η- (ρ,ε,ι, -α-), -η- e -ω-, respectivamente, na formación dos demais temas. Toman as mesmas terminacións activas, medias e pasivas que se acaban de observar no verbo λύω: τιμάω, futuro activo τιμήσω, medio τιμήσομαι, pasivo τιμηθήσομαι; φιλέω, futuro activo φιλήσω, medio φιλήσομαι, pasivo φιληθήσομαι, e δηλώω,

futuro activo δηλώσω, medio δηλώσομαι e pasivo δηλωθήσομαι. Tes o paradigma completo dos verbos contractos no Apéndice gramatical.

Os verbos en -άω cuxa -α- do tema vai precedida de ε, ι, ρ alongan o -α en -α (alfa longa e non en -η) no futuro, aoristo e perfecto.

III. Futuro do verbo εἰμί *ser, estar, haber*

O futuro de εἰμί ten desinencias medias: indicativo ἔσομαι *serei*, etc. optativo ἔσοίμην *fose*, infinitivo ἔσεσθαι *ser* e participio ἐσόμενος *que será*.

IV Futuro dos verbos en oclusiva labial, gutural e dental

- Nos verbos cuxa raíz remata en oclusiva labial β, π, φ, o resultado do contacto destes fonemas co -σ- do futuro é a consoante dobre ψ en todo o futuro activo e medio; no futuro pasivo, ante a aspirada da terminación -θήσομαι, todas as labiais se asimilan á -θ- converténdose na súa aspirada φ:

	-β	-π	-φ	-ππ
PRESENTE	τρίβ-ω	βλέπ-ω	γράφ-ω	κρύπτ-ω
FUTURO ACTIVO	τρίψω	βλέψω	γράψω	κρύψω
FUTURO MEDIO	τρίψομαι	βλέψομαι	γράψομαι	κρύψομαι
FUTURO PASIVO	τριφ-θήσομαι	βλεφ-θήσομαι	γραφ-θήσομαι	κρυφ-θήσομαι

O resultado é o mesmo nos verbos en -ππ-, procedentes de labial + γ (v. Unidade 1, Presentes en -γ- *iode*), porque o sufixo -γ- só aparece no tema de presente: β-λάπτω *danar*, futuro, βλάψω (< *βλάβσω raíz βλάβ-); κόπτω *golpear*, futuro κόψω (< *κόπσω raíz κοπ-); κρύπτω *ocultar, esconder* futuro κρύψω (< *κρύφσω raíz -ρυφ-).

- Nos verbos en que a raíz remata en oclusiva velar ou gutural γ, κ, χ, o resultado do contacto destes fonemas con -σ- do futuro é a consoante dobre ξ en todo o futuro activo e medio; no futuro pasivo, ante a aspirada da terminación -θήσομαι, todas as velares se asimilan á -θ- converténdose na súa aspirada χ:

	-γ	-κ	-χ	-σσ/-ττ	-ζ
PRESENTE	ἄγ-ω	πλέκ-ω	λείχ-ω	φυλάσσ-ω	ῥέζ-ω
FUT. ACTIVO	ἄξω	πλέξω	λείξω	φυλάξω	ῥέξω
FUT. MEDIO	ἄξομαι	πλέξομαι	λείξομαι	φυλάξομαι	ῥέξομαι
FUT. PASIVO	ἀχθήσομαι	πλεχθήσομαι	λειχθήσομαι	φυλαχθήσομαι	ῥεχθήσομαι

Os verbos rematados en -σσ- / ático -ττ- (cando procede de -κγ- e de -χγ-) teñen os mesmos resultados que os demais verbos en velar, porque, como xa se dixo, o -γ- só está no tema de presente: φυλάσσω (< *φθλάκ-γω) *gardar*, futuro φυλάξω (< *φυλάκ-σω).

Os verbos rematados en ζ (cando procede de -γγ-) teñen os mesmos resultados que os demais verbos en velar: ῥέζω (< *ῥεγγ-γω) *facen, obrar*, futuro ῥέξω (< *ῥέγγ-σω).

- Os verbos con raíz rematada en oclusiva dental δ, τ, θ perden a dental ante o sigma; no futuro pasivo, ante a aspirada da terminación -θήσομαι, todas as dentais se asibilan, é dicir, convértense en sibilante -σ.

Tamén teñen resultado dental os verbos en ζ (cando procede de -δγ-) e uns poucos verbos en -σσ/-ττ-, cando proceden de *-τ-γ-ω e de *-θ-γ-ω: λίσσομαι (< *λίτ-γ-ομαι) suplicar, futuro λίσσομαι.

	-δ	-τ	-θ	-ζ	-σσ/-ττ
PRESENTE	ἐρείδω	ἀνύτω	πείθω	σκευάζω	πλάσσω
FUTURO ACTIVO	ἐρείσω	ἀνυσω	πείσω	σκευάσω	πλάσω
FUTURO MEDIO			πείσομαι	σκευάσομαι	πλάσομαι
FUTURO PASIVO		ἀνυσθήσομαι	πεισθήσομαι	σκευασθήσομαι	πλασθήσομαι

V. Futuro dos verbos en nasal (μ, ν) ou líquida (ρ, λ)

Os verbos cunha raíz rematada en nasal (μ, ν) ou en líquida (ρ, λ) tiñan unha vogal de unión -ε- entre a raíz e a terminación de futuro -σω, -σομαι, etc. e orixinaron un grupo -έσω, -έσομαι, etc., que perdeu o -σ- intervocálica e deu lugar a contraccións idénticas ás dos presentes dos verbos en -έω. Futuro activo: -ῶ, -εῖς, -εῖ, -οὔμεν, -εῖτε, -οὔσι; futuro medio: -οὔμαι, -εῖ, -εῖται, -οὔμεθα, -εῖσθε, -οὔνται, e de igual forma no resto dos modos. Estes verbos poden ter un presente rematado en -λλ- (< *λγ-), en -iv- (< *νγ-), -ip- (< *ργ-), μν (< *μγ-) ou sinxelamente en -v como μένω *permanecer* e -μ como νέμω *repartir, distribuír*, sen -y- no tema de presente. Pola desaparición do -y- do presente, cando o hai, fórmanse os futuros como segue:

	-λλ-	-ip-	-iv-	-μν-	-v-
PRESENTE	ἀγγέλλω <i>anunciar</i>	φθείρω <i>botar a perder, destruír</i>	φαίνω <i>mostrarse, aparecer</i>	τέμνω <i>cortar</i>	κρίνω <i>separar, xulgar</i>
RAÍZ	ἀγγέλ-	φθερ-	φαν-	τέμ-	κρίν-
FUTURO ACTIVO	ἀγγελῶ (< *ἀγγελ-έσω)	φθερῶ (< *φθερ-έσω)	φανῶ (< *φαν-έσω)	τεμῶ	κρινῶ
FUTURO MEDIO	ἀγγελοῦμαι	φθεροῦμαι	φανοῦμαι	τεμοῦμαι	κρινοῦμαι
FUTURO PASIVO	ἀγγελθήσομαι	φθαρήσομαι	φανήσομαι		κριθήσομαι

VI. Futuros ático e dórico

Denomínase futuro ático a de verbos rematados en -ίζω de máis de dúas sílabas, como νομίζω *crer, pensar*. É un futuro en -ιῶ, -ιοῦμαι en vez de en -ίσω, -ίσομαι: νομιῶ, νομιοῦμαι. Como o dos verbos en nasal e líquida, conxúgase como os presentes dos verbos en -έω.

O futuro dórico é á vez sigmático e contracto: πλέω *navegar*, futuro πλεουσοῦμαι.

VII. Futuro dos verbos atemáticos τίθημι, δίδωμι, ἵστημι, ἵημι e δείκνυμι

Tal como se viu no tema de presente, estes verbos, salvo δείκνυμι, teñen unha reduplicación en I só no presente e, polo tanto, o futuro fórmase, coas terminacións de futuro do verbo λύω para cada un dos modos, sobre os temas: θε-, δο-, στα- e ἑ- pero alongando a vogal ante a -σ- de futuro, como nos verbos contractos, en voz activa e media. Na voz pasiva mantéñense sen alongar os temas θε-, δο-, στα- e ἑ-. Os atemáticos con sufixo -vu- no tema de presente forman o futuro sobre a raíz, sen o sufixo; δεικ-vu-μι, raíz δεικ- sobre a que se forman tamén o aoristo e o perfecto. Indícase a primeira persoa do indicativo. (Véxase o Apéndice gramatical):

	τίθημι <i>poñer</i>	δίδωμι <i>dar</i>	ἵημι <i>enviar</i>	ἵστημι <i>colocar</i>	δείκνυμι <i>mostrar</i>
PRESENTE	τίθημι	δίδωμι	ἵημι	ἵστημι	δείκνυμι
RAÍZ	θε-	δο-	ἑ-	στα-	δεικ-
FUTURO ACTIVO	θή-σω	δώ-σω	ῆ-σω	στή-σω	δείξω
FUTURO MEDIO	θή-σομαι	δώ-σομαι	ῆ-σομαι	στή-σομαι	δείξομαι
FUTURO PASIVO	τε-θήσομαι	δο-θήσομαι	ἐ-θήσομαι	στα-θήσομαι	δειχ-θήσομαι

✓ Realiza a πράξις 1

1.4. A concordancia

É concordancia a conformidade das categorías gramaticais (xénero, número, caso e, nos verbos, tamén persoa) entre dúas ou máis palabras variables. En grego, latín e galego é practicamente a mesma, como se pode observar na tradución dos exemplos.

I. Concordancia do artigo e do adxectivo co substantivo

O artigo e o adxectivo concordan co substantivo en xénero, número e caso:

Οἱ παρόντες πολῖται. Os cidadáns presentes.

Ἦδύ ἐστιν πολλοὺς ἐχθροὺς ἔχειν; *É agradable ter moitos inimigos?*

O adxectivo en posición atributiva colócase entre o artigo e o substantivo ou despois do substantivo repetindo o artigo:

Ὁ ἀγαθὸς ἀνὴρ / ὁ ἀνὴρ ὁ ἀγαθός. *O home bo.*

Tamén se colocan en posición atributiva adverbios e complementos preposicionais referidos ao substantivo co que concerta o artigo:

Οἱ νῦν Ἀθηναῖοι / οἱ Ἀθηναῖοι οἱ νῦν. *Os atenienses de agora (actuais).*

Ἡ ἐν Μαραθῶνι μάχη / Ἡ ἐν Μαραθῶνι μάχη. *A batalla de Maratón (lit. en Maratón).*

O adxectivo en posición predicativa colócase fóra do sintagma artigo - substantivo:

Ὁ ἀνὴρ ἀγαθός / ἀγαθός ὁ ἀνὴρ. *O home (é) bo.*

Os adxectivos que se refiren a máis dun substantivo, xeralmente concertan co máis próximo:

Τὸν καλὸν κάγαθόν ἄνδρα καὶ γυναῖκα εὐδαίμονα εἶναι φημι.

Afirmo que o home e a muller honrados e bos son felices (lit. honrado e bo é feliz).

II. Concordancia do substantivo en aposición a outro substantivo ou a un pronome

O substantivo en aposición a outro substantivo ou a un pronome concerta con eles en caso:

Συνεβάχευσα μετὰ σοῦ, τῆς θείας κεφαλῆς. *Entreí en delirio contigo, cabeza divina.*

Ἔστι μὲν ἄλλα κακά, ἀλλὰ τις δαίμων ἔμειξε τοῖς πλείστοις ἡδονήν, οἷον κόλακι δαινῶ θηρίῳ καὶ βλάβῃ μεγάλῃ.

Existen sen dúbida outros males, pero algún deus mesturou na maioría deles un pracer, como no adulator, besta horrible e gran dano.

III. Concordancia entre o suxeito e o atributo

- O adxectivo atributo concorda co substantivo suxeito case sempre en xénero, número e caso:

Ξενοφῶν ἦν Ἀθηναῖος. *Xenofonte era ateniense.*

Τίς οὕτω μαίνεται ὅστις οὐ βούλεται σοί φίλος εἶναι;

Quen está tan tolo que non quere ser amigo teu?

Τοὺς ὑπολειπομένους πάντες φαῖεν ἂν ἀξίους εἶναι τούτοις δουλεύειν.

Todos afirmarían que os inferiores serían dignos de estar sometidos a eses.

- O atributo referido a substantivos masculinos ou femininos, ás veces, está en xénero neutro (substantivado):

Ἔστι δὲ ἡ Χειρώνεια ἔσχατον τῆς Βοιωτίας. *Queronea é o último de Beocia.*

Isto pode acontecer con substantivos abstractos:

Ὅρθον ἡ δικαιοσύνη ἐστίν. *A xustiza é recta.*

- O substantivo atributo concorda co suxeito en caso:

Μιλτιάδης ἦν στρατηγός. *Miltiades era xeneral.*

Αἱ Ἀθηναὶ πόλις τῆς Ἑλλάδος εἰσιν. *Atenas é unha cidade de Grecia.*

IV. Concordancia entre o substantivo e o complemento predicativo

O complemento predicativo concorda co substantivo en xénero, número e caso, se é un adxectivo, e só en caso, se é un substantivo:

Οἱ Λακεδαιμόνιοι ὑστεροὶ ἀφίκοντο. *Os lacedemonios chegaron os últimos.*

Οἱ Πέρσαι τὸν Κύρον εἵλοντο βασιλέα. *Os persas elixiron rei a Ciro.*

V. Concordancia entre o suxeito e o verbo

- O suxeito concorda co verbo en número e persoa. Polo tanto, se o suxeito está en singular, o verbo tamén vai en singular e, se o suxeito está en plural ou hai máis dun suxeito, o verbo vai en plural:

Ἀργανθώνιος ἐτυπάννευσε Ταρτησσοῦ ὀγδῶκοντα ἔτεα.

Argantonio gobernou Tarteso oitenta anos.

Ἡ τύχη καὶ Φίλιππος ἦσαν ἔργων κύριοι. *A fortuna e Filipo eran donos da situación.*

- Se hai máis dunha persoa gramatical, prefírese a primeira á segunda e esta á terceira:

Ὑμεῖς δὲ καὶ ἐγὼ τάδε λέγομεν. *Vós e eu dicimos isto.*

Ἡμεῖς καὶ οἷδε οὐκ ἄλλην ἂν τινα δυναίμεθα ὠδὴν ᾄδειν.

Nós e estes non poderíamos cantar outra canción.

Οὐ σύ μόνος οὐδὲ οἱ σοὶ φίλοι πρῶτοι ταύτην δόξαν ἔσχετε.

Nin ti só nin os teus amigos tedes os primeiros esa opinión.

- Suxeito en plural, verbo en singular.

O suxeito neutro plural leva o verbo en singular:

Καλὰ ἦν τὰ σφάγια. *Os sacrificios eran (lit. era) propicios.*

O verbo pode estar en plural cando se quere resaltar que o suxeito neutro plural está composto de persoas ou de varias partes:

Τὰ τέλη τῶν Λακεδαιμονίων αὐτὸν ἐξέπεμψαν.

As maxistraturas dos lacedemonios enviárono.

O verbo pode concertar co suxeito máis próximo ou máis importante de dous ou máis suxeitos:

Ἦκε μὲν ὁ Θερσαγόρας καὶ ὁ Ἐξήκεστος εἰς Λέσβον καὶ ὤκουν ἐκεῖ.

Terságoras e Execesto viñeron (lit. veu) a Lesbos e viviron alí.

Ὅ τε Πολέμαρχος ἦκε καὶ Ἀδείμαντος καὶ Νικήρατος καὶ ἄλλοι τινές.

Viñeron (lit. veu) Polemarco e Adimanto e Nicérato e algúns outros.

VI. Concordancia polo sentido (κατὰ σύνεσιν)

Chámase concordancia polo sentido á que ten en conta o número ou o xénero reais e non o número ou o xénero gramaticais.

- De número

Suxeito en singular, verbo en plural. Algúns substantivos colectivos, en singular, como πόλις *cidade*, στρατόπεδον *exército*, μέρος *parte*, πλῆθος *multitude*, δῆμος *pobo*, ὄχλος *multitude*,... poden levar o verbo en plural:

Τὸ στρατόπεδον ἐν αἰτίᾳ ἔχοντες τὸν Ἄγιν ἀνεχώπουν.

O exército, facendo responsable a Axis, retirouse (lit. retiráronse).

Παῦτα ἀκούσασα ἡ πόλις Ἀγεσίλαον εἶλοντο βασιλέα.

A cidade despois de oír iso, elixiu (lit. elixiron) a Axesilao rei.

O mesmo sucede con ἕκαστος cada un:

Ἐν μὲν γὰρ ταῖς ἄλλαις πόλεσι τῶν ἑαυτοῦ ἕκαστος καὶ παιδίων καὶ οἰκετῶν καὶ χρημάτων ἄρχουσι.

Nas demais cidades, cada un goberna (lit. gobernan) o seu (lit. as cousas de si mesmo): fillos, escravos e bens.

- De xénero

Esta concordancia ten en conta o xénero natural e non o gramatical:

Τὰ μεράκια (neutro) πρὸς ἀλλήλους διαλεγόμενοι (masculino)...

Os mozos conversando entre eles...

✓ Realiza a πράξις 2

1.5. Sintaxe do xenitivo

A función principal do xenitivo é a de ser complemento dun substantivo, dun adxectivo, dun verbo e, con menos frecuencia, dun adverbio. O xenitivo grego incorporou ademais algunhas funcións propias do antigo ablativo indoeuropeo e por isto subdivídese en xenitivo propio e xenitivo-ablativo.

I. Xenitivo propio

- Complemento dun substantivo

O xenitivo complemento dun substantivo pode expresar as ideas de:

Materia: χαλκοῦ φάσγανον *unha espada de bronce*.

Parentesco (ou patronímico): Σωκράτης τοῦ Σωφρονίσκου *Sócrates o (fillo) de Sofronisco*.

Partitivo: οἱ Θηβαῖοι τῶν Ἑλλήνων *dos gregos, os tebanos*.

Posesivo: ὁ Παρθενῶν τῶν Ἀθηνῶν *o Partenón de Atenas*.

Prezo: βίβλος πέντε μνῶν *un libro de cinco minas*.

Duración: ὁδὸς πέντε ἡμερῶν *un camiño de cinco días*.

Lugar: αἱ Θῆβαι τῆς Βοιωτίας *Tebas de Beocia*.

Medida: ποταμὸς τεττάρων σταδίων τὸ εὖρος *un río de catro estadios de ancho*.

Idade: ἀνὴρ εἴκοσιν ἐτῶν *un home de vinte anos*.

Subxectivo: ὁ φόβος τῶν πολεμίων *o temor de [que teñen] os inimigos*.

Obxectivo: ὁ φόβος τῶν πολεμίων *o temor de [que se ten a] os inimigos*.

- Complemento dun adxectivo

Constrúese en xenitivo o complemento dos adxectivos que expresan as ideas seguintes e os seus contrarios:

Pertenza: ἔργον κοινὸν ἐμοῦ καὶ σοῦ *un traballo común a min e a ti*.

Participación: τῆς πόλεως οὐ μοτοχος εἶναι *non ser partícipe da cidade*.

Aptitude: ἔμπειρος τῆς πολιτείας *experto nos asuntos públicos*.

Coñecemento: πάντων ἐπιστήμων *coñecedor de todas as cousas*.

Memoria: μνήμων κακῶν *que recorda as súas desgrazas*.

Desexo: πολλῶν χρημάτων ἐπιθυμητικός *desexoso de moitas riquezas*.

Abundancia: μεστός σίτου καὶ οἴνου *cheo de trigo e de viño*.

Valor: Ἀχιλλεύς ἄξιος τιμῆς *Aquiles (é) digno de gloria*.

- Complemento réxime dun verbo

Do mesmo xeito que un xenitivo completa a un adxectivo que expresa as ideas que dixemos antes, tamén o fai cos verbos que expresan estas mesmas ideas. Así, levan un complemento en xenitivo os verbos que expresan a idea de:

Participación, como μείρομαι, μετέχω: Οἱ πρόσχωροι μετεῖχον τῆς ἐορτῆς. *Os veciños participaron da festa*.

Dominio ou superioridade, como βασιλεύω, κρατέω: πρότερον τούτου ὁ Περδίκκας ἐβασίλευε Μακεδονίας. *Antes diso, Pérdicas gobernaba Macedonia*.

Memoria, como μινήσκω: Τῶν ἀπόντων φίλων μέμνησο. *Acórdate dos amigos ausentes.*

Desexo, como ἐράω: Αὐτοὶ δὲ ἴσασι ὥς Ζεὺς ποτ' ἠράσθη Σεμέλης. *Eles saben que Zeus unha vez desexou os amores de Semele.*

Preocupación como ἐπιμελέομαι: Ἀλλὰ καὶ τούτων ἐπιμελοῦνται οἱ μὲν οἱ δ' οὐ. *Pero tamén desas cousas se preocupan uns e outros non.*

Percepción sensible (salvo ver), como ἀκούω: Τῶν μαρτύρων ἀκηκόατε. *Oístes as testemuñas.*

A acción de comer e beber, como πίνω, ἔδω, sempre que se trate da parte dun todo (πίνω οἴνου *bebo viño*); no caso contrario, levará acusativo (Σωκράτης ἔπιε τὸ κώνειον, *Sócrates apurou a cicuta*).

- Complemento dun adverbio

Algúns adverbios de tempo e de lugar poden levar como complemento un xenitivo partitivo: πηνίκα ἐστι τῆς ἡμέρας... *que parte do día é? (que hora é?)*; ποῦ τῆς γῆς ἔσμεν... *en que parte da terra estamos?*

II. Xenitivo-ablativo

O xenitivo herdou estas funcións do antigo ablativo indoeuropeo. Con este tipo de xenitivo exprésase sobre todo a separación, afastamento ou punto de partida e a comparación.

- Separación: indica o lugar de onde, e xeralmente vai acompañado da preposición ἐκ (ἐξ) ou ἀπό.

Ἔρχεται ἐκ τῆς Ἑλλάδος, ἐξ Ἀθηνῶν. *Vén de Grecia, de Atenas.*

En sentido máis amplo pode utilizarse este xenitivo como complemento de verbos e adxectivos que indican separación, afastamento, exclusión ou ideas similares: λύειν δῆμον κακότητος *librar ao pobo do vicio*.

Tamén como complemento axente de persoa nas oracións pasivas, sempre precedido de ὑπό.

Λυδοὶ ὑπὸ Πέρσας ἐδεδούλυντο. *Os lidios foran escravizados polos persas.*

- Comparación: como complemento de verbos e adxectivos que expresan superioridade, inferioridade, diferenza.

Ὁ δὲ Δαρεῖος τῆς τε θαλάττης ἐκράτει καὶ τῶν νήσων.

Darío apoderouse do mar e das illas.

Ἄρχων ἀγαθὸς οὐδὲν διαφέρει πατρὸς ἀγαθοῦ.

Un bo gobernante en nada se diferenza dun bo pai.

✓ Realiza a πράξις 3

2. Os mitos

2.1. Importancia dos mitos gregos

Os gregos, nas súas orixes, sen dúbida consideraron que os seus mitos eran relatos verdadeiros herdados dos seus antepasados, cuxo coñecemento lles era imprescindible, pois os pobos antigos organizaban a vida sobre o exemplo dos mitos.

Pero os gregos orientaron moi pronto cara a unha nova dirección a herdanza recibida. Someteron á crítica os seus mitos e adoptaron sobre eles medidas que haberían cambiar por completo a súa natureza. En primeiro lugar sistematizáronos, é dicir, organizáronos loxicamente ata facer deles un todo coherente. Por exemplo, Hesíodo na súa Teogonía preséntanos o panteón grego moi ben estruturado.

Os gregos, polo menos os máis cultos, deixaron de tomar en serio os seus mitos, de consideralos historia verdadeira; e a especulación científica que xorde en Grecia a partir do século VII a.C. deixounos reducidos a unha serie de curiosos relatos do pasado, unhas "invencións dos antigos nas que nada hai de proveito", segundo as palabras de Xenófanes de Colofón (570-470 a.C.), que foi un dos seus críticos máis contundentes.

Esta postura non provocou a desaparición dos mitos (a súa resistencia a desaparecer é unha das súas maiores e esenciais calidades), pero si a súa transformación. Curiosamente os filósofos, que tanto os criticaron, servíronse moitas veces deles para explicar o seu pensamento. Á fin e ó cabo moitos mitos perseguían o mesmo obxectivo que a filosofía, por exemplo, explicar a realidade, aínda que por outros camiños.

O proceso alcanzou un grao máis alto cando Platón decidiu prohibir a poesía de Homero e Hesíodo na súa cidade ideal, por ser forxadores de "falsas narracións que se contaron e aínda se contan ás xentes". Nesta sentenza condenatoria de Platón estaba a pensar seguramente Winckelmann cando pronunciou esta outra: "Os mitos gregos morreron a mans da filosofía, pero seguen vivindo na arte". A arte converteu en inmortal a mitoloxía grega.

2.2. O mito de Heracles

Heracles foi o heroe máis importante de Grecia. Segundo a lenda, o seu nacemento tivo lugar en Tebas, aínda que era descendente de Perseo e Andrómeda e, polo tanto, de estirpe arxiva. Foi fillo de Zeus e de Alcmena, da que -unha noite máis tarde- naceu tamén o seu irmán Ificles, cuxo pai foi Anfitrión.

Na súa personalidade mestúranse caracteres moi diferentes e a miúdo violentamente contraditorios. Recibe o nome de Heracles (algo así como glorificado por Hera), aínda que esta deusa, celosa pola relación de Zeus con Alcmena, pretende matalo dende o primeiro instante do seu nacemento. Pero antes de chamarse Heracles chamábase -polo seu avó Alceo- Alcides, que equivale máis ou menos a Forzudo, nome que lle é moito máis apropiado (o nome da súa nai, Alcmena, tamén fai alusión á forza).

Na mitoloxía o que un heroe leve dous nomes adoita deberse a que a tradición fundiu nun a identidade de dous personaxes. En Heracles este cambio de nome, como se verá nos textos desta unidade, prodúcese nun momento solemne e decisivo para a vida do heroe.

Sobresaen en Heracles dous trazos por enriba doutros moitos que o caracterizan: a forza e o altruísmo. En efecto, case todas as empresas que leva a cabo son en beneficio doutros, de ningunha delas pode aproveitarse persoalmente; é máis, en dúas ocasións en que pretende sacar un beneficio persoal do seu esforzo, ben -no caso da Hidra- para realizar o traballo con máis comodidade, ben -no caso das cortes de Auxías- para levar unha ganancia, é condenado a que tales probas non contén no número de traballos que ha de levar a cabo e teña que realizar outras dúas máis no seu lugar. E é que o altruísmo de Heracles é

unha consecuencia -un castigo- dun trazo máis escuro da súa personalidade, a violencia. A forza e a violencia son dúas caras dunha mesma moeda, que só a intelixencia saberá separar. Heracles, que xa sendo un adolescente matara ao seu instrutor de música, Lino, golpeándoo coa cítara, deu morte nun ataque de loucura ocasionado por Hera aos fillos que tivera con Mégara, e por iso se viu obrigado a servir como escravo na casa de Euristeo, un reiciño de Tirinte parente seu.

Esta dobre personalidade vese tamén na súa educación. Por un lado, é educado esmeradamente en todo aquilo que a sociedade que o creou cría imprescindible, todo o que formaba parte da *areté* aristocrática: a música no sentido orixinal, é dicir, actividades propias das Musas, os exercicios atléticos e a destreza coas armas. Pero como dixemos, mata ao seu instrutor de música. Poucas veces se menciona a súa destreza co carro e, en canto ás armas, a pesar de recibir de mans dos deuses as mellores que podería desexar (Hesíodo dedicoulle un poema ao seu magnífico escudo), prefire a maza -ás veces o arco- que el mesmo esgazou dunha árbore, e a pel dun león, ao casco e a coiraza. Todos estes trazos máis rudos seguramente proceden dunha etapa prearistocrática da lenda de Heracles.

É moi probable, ás veces case evidente, que na complexa figura de Heracles conviven polo menos dous períodos míticos (quizais isto sexa a causa dos seus dous nomes): un, primitivo, relacionado coa agricultura -reminiscencias, quizais, do neolítico- e outro, que ten que ver co mundo aristocrático grego, pertencente á última etapa da idade do bronce ou ao principio do período arcaico. En efecto, das doce probas, cinco: o león de Nemea, a Hidra de Lerna, a cervia de Cerinía, o xabaril do Erimanto, ás aves do Estínfalo -podería engadirse o león do Citerón- teñen que ver co que don Quixote chamou "quitar tan mala semente de sobre a face da terra", é dicir, o exterminio de monstros salvaxes que impiden a vida tranquila da xente; catro: as cortes de Auxías, o touro de Creta, as eguas de Diomedes e as vacas de Xerión, teñen que ver con actividades relacionadas coa gandería. Todas elas, salvo as vacas de Xerión, lévanse a cabo dentro de Grecia. Quedan tres -curiosamente adóitanse citar en último lugar e curiosamente tamén se realizan fóra de Grecia- que terían que ver co espírito aristocrático: afán de superación e espírito aventureiro que incita a viaxar ao descoñecido e misterioso.

Precisamente este espírito viaxeiro pon ao noso heroe en contacto coa Península Ibérica, pois tanto a aventura das vacas de Xerión, como o roubo das mazás das Hespérides -quizais tamén a captura de Cerbero- sitúanse no extremo occidental do Mediterráneo. Non é sorprendente, pois, que a influencia do mito de Heracles fora enorme en Europa dende antigo. Varias fontes sinalan o episodio das vacas de Xerión na actual Cádiz; en recordo desta fazaña deixounos as Columnas de Hércules, que hoxe podemos ver simbolizada nas dúas columnas do escudo español. A mesma fazaña está relacionada coa antiga cidade de Tarteso, a onde se di que Heracles transportou o gando na copa do Sol. A vinculación do heroe coa Península Ibérica continuou na Hispania romana, na cal un decreto de Augusto nomeaba a Hércules protector de Hispania, e no século II construíuse na Coruña actual un faro que segue utilizándose e que aínda se chama Torre de Hércules. Por outra banda, o fervor pola antigüidade da Europa do Renacemento fixo cousas tan curiosas como que, segundo di Seznec en *Os Deuses da Antigüidade*, en 1600 os Xesuítas de Aviñón, encargados de organizar a recepción solemne de María de Médicis nesa cidade, outorgaban ao real esposo desta o título de "Hércules Galo", pretendendo xustificar historicamente tan extravagante adulación do seguinte xeito: "A ilustre casa de Navarra ten a súa orixe no antigo Hércules, fillo de Osiris, o cal, vencendo e combatendo aos Lominios, que eran os tres fillos de Xerión, tirano das Españas, e liberando ese pobo da súa servidume, estableceu nesa monarquía ao seu fillo Hispalus, cuxos descendentes o sucederon despois na coroa do reino de Navarra". A memoria de Hércules, en fin, chegou ata hoxe en que dende un avión de transporte ata un equipo de fútbol levan o seu nome.

✓ Realiza a πράξις 4

2. Textos

Á parte do texto que tes nos Exercicios de Autoavaliación (**ea**) e doutro nas Actividades de Repaso (**ep**), de seguido tes outros textos que dan máis detalles sobre as fazañas máis relevantes de Heracles, principalmente os seus famosos traballos.

TEXTO 1

AS ARMAS DE HERACLES



Aínda que os deuses lle entregaron armas espléndidas, Heracles caracterízase polo uso da maza, que el mesmo fixo dunha árbore.

Προσμάθων παρ' Εὐρύτου τὴν τοξικὴν Ἡρακλῆς
έλαβε² παρὰ Ἑρμοῦ μὲν ξίφος, παρ' Ἀπόλλωνος
δὲ τόξα³, παρὰ δὲ Ἡφαίστου θώρακα χρυσοῦν,
παρὰ δὲ Ἀθηνᾶς πέπλον· ρόπαλον μὲν γὰρ
αὐτὸς ἔτεμεν⁴ ἐκ Νεμέας.

Apolodoro, Biblioteca 2.4.11

¹ Part. aor. de προσμανθάνω *aprender*. | ² Aor. de λαμβάνω. | ³ Nesta e nas seguintes secuencias παρὰ δὲ... hay que sobreentender Ἡρακλῆς έλαβε. | ⁴ Aor. de τέμνω.

Actividades

1. Como interpretas as distintas partículas δέ que aparecen no texto?
2. Indica as funcións características dos deuses que aparecen no texto.
3. Traduce o texto.

TEXTO 2

OS TRABALLOS DE HERACLES

Heracles, a pesar das súas calidades extraordinarias e de ser fillo do mesmo Zeus, tivo que vivir case como un escravo na casa do rei Euristeo, un monarca bastante medorento por certo, pero capaz de enviar ao noso heroe a empresas cada vez máis difíciles, que este cumpría sen a mínima protesta.

Εἰσελθὼν¹ δὲ εἰς Δελφοὺς πυνθάνεται τοῦ θεοῦ ποῦ κατοικήσει. Ἡ δὲ Πυθία τότε
πρῶτον Ἀλκείδης προσηγορεύετο. Κατοικεῖν δὲ αὐτὸν εἶπεν² ἐν Τίρυνθι, Εὐρυσθεῖ
λατρεύοντα³ ἔτη δώδεκα, καὶ ἄθλους δέκα ἐπιτελεῖν, καὶ οὕτως ἔφη⁴, τῶν ἄθλων
συντελεσθέντων⁵, ἀθάνατον αὐτὸν ἔσεσθαι.

Apolodoro, Biblioteca 2.4.12

¹ Part. aor. de εἰσέρχομαι *'despois de dirixirse'*. | ² Aor. de λέγω, o seu suxeito é Πυθία. | ³ Part. con αὐτὸν (Heracles). | ⁴ Imperf. de φημί. | ⁵ Part. absoluto *'rematadas as probas'*.


Actividades

1. Separa e explica as oracións que hai no texto.
2. Quen puxo ao heroe o nome de Heracles? Como se chamaba antes?
3. Sinala algúns helenismos galegos ou casteláns relacionados con palabras gregas do texto.
4. Traduce o texto.

TEXTO 3

O LEÓN DE NEMEA

O primeiro encargo de Euristeo foi que lle trouxera a pel do león de Nemea, cidade da Argólida. Segundo unha tradición, para celebrar esta fazaña instauráronse os xogos Nemeos, que se celebraban no santuario de Zeus cada dous anos.



Τοῦτο ἀκούσας¹ ὁ Ἡρακλῆς εἰς Τίρινθα ἦλθε², καὶ τὸ προσταττόμενον ὑπὸ Εὐρύσθεως ἐτέλει. Πρῶτον μὲν οὖν ἐπέταξεν³ αὐτῷ τοῦ Νεμέου λέοντος τὴν δорάν κομίζειν· τοῦτο δὲ ζῶον ἦν ἄτρωτον, ἐκ Τυφῶνος γεγεννημένον⁴. Ὁ Ἡρακλῆς ἀνατεινόμενος τό ρόπαλον⁵ ἐδίωκε εἰς σπήλαιον αὐτοῦ, καὶ ἔπιξε αὐτὸν, καὶ θέμενος⁶ ἐπὶ τῶν ὤμων ἤγεν εἰς Μυκήνας τὸν λέοντα.

Apolodoro, Biblioteca 2.5.1

¹ Part. aor. de ἀκούω. | ² Aor. de ἔρχομαι. | ³ 3ª sg. aor. ind. de ἐπιτάσσω. | ⁴ Part. perf. med. de γεννάω. | ⁵ Ἐ o CD de ἀνατεινόμενος, cuxo Sx., como o de ἐδίωκε, é Heracles. | ⁶ Par. aor. med. de τίθημι.

Actividades

1. Sinala os verbos en forma non persoal do texto e indica con que verbo en forma persoal están relacionados.
2. En qué consiste exactamente o encargo de Euristeo? Cumpre Heracles como el lle ordena?
3. Que substantivo do texto deu o nome dunha actividade científica e deportiva?
4. Traduce o texto.

TEXTO 4

A HIDRA DE LERNA



Superada con éxito a primeira proba, a segunda consistiu en dar morte a hidra de Lerna, tamén no Peloponeso.

Δεύτερον δὲ ἄθλον ἐπέταξεν¹ αὐτῷ τὴν Λερναίαν ὕδραν κτείνειν. Εἶχε δὲ ἡ ὕδρα ὑπερμέγεθες σῶμα, κεφαλὰς ἔχον² ἑννέα, τὰς μὲν ὀκτὼ θιητάς, τὴν δὲ μέσσην ἀθάνατον. Ἡρακλῆς τὴν ἀθάνατον ἀποκόψας κατώρυξε³ καὶ βαρεῖαν ἐπέθηκε⁴ πέτραι.

Apolodoro, Biblioteca 2.5.2

¹ V. nota 3 texto anterior. / ² Part. neutro de ἔχω. Non confundir co imperf. εἶχον | ³ Aor. de κατορύσσω. | ⁴ Aor. de ἐπιτίθημι.

Actividades

1. Sinala os adxectivos do texto e indica o enunciado (N.sg. dos tres xéneros).
2. Analiza sintacticamente a primeira oración do texto
3. Sinala helenismos galegos ou casteláns relacionados con palabras gregas do texto.
4. Traduce o texto.

TEXTO 5

AS AVES DE ESTÍNFALO E O TOURO DE CRETA

O sexto e sétimo traballo consistiron, respectivamente, en expulsar unha praga de aves que se refuxiaran cerca do lago Estínfalo, en Arcadia, e en capturar un touro na illa de Creta ao que Poseidón volveu louco para castigar a desobediencia de Minos.

Ἔκτον ἐπέταξεν ἄθλον αὐτῷ τὰς Στυμφαλίδας ὄρνιθας ἐκδιώξαι¹. Χάλκεα κρόταλα δίδωσιν² αὐτῷ Ἀθηνᾶ. Ταῦτα κρούων³ Ἡρακλῆς τὰς ὄρνιθας ἐφόβει καὶ ἐτόξευσεν αὐτάς.

Ἑβδομον ἐπέταξεν ἄθλον τὸν Κρήτα ἀγαγεῖν⁴ ταῦρον. Ἡρακλῆς λαβὼν⁵ καὶ πρὸς Εὐρυσθέα διακομίσας⁶ ἔδειξε⁷, καὶ τὸ λοιπὸν εἴασεν ἄνετον· ὁ δὲ πλαναθεὶς⁸ εἰς Σπάρτην τε καὶ Ἀρκαδίαν ἄπασαν, καὶ διαβάς⁸ τὸν Ἴσθμόν, εἰς Μαραθῶνα τῆς Ἀτικῆς ἀφικόμενος⁸ τοὺς ἐγχωρίους διελυμαίνετο.

Apolodoro, Biblioteca 2.5.6-7

¹ Inf. aor. de ἐκδιώκω. / ² 3ª sg. pres. de δίδωμι. | ³ Part. pres. de κρούω, con Ἡρακλῆς. | ⁴ Inf. aor. de ἄγω. / ⁵ Part. aor. de λαμβάνω. | ⁶ Par. aor. de διακομίζω. / ⁷ 3ª sg. aor. de δείκνυμι. | ⁸ Participios de aoristo, respectivamente, de πλανάω, διαβαίνω, ἀφικνέομαι, que expresan unha acción anterior a do seu verbo principal, διελυμαίνετο, e o seu suxeito e ὁ δε; (o touro).



Actividades

1. Sinala os CDs do texto e di con que verbo van.
2. O crótalo, ademais dun instrumento musical antigo, é o nome dunha familia de animais: saberías dicir cal e por que reciben este nome?
3. Traduce o texto.